# MEMORIA DE CALIDADE

## Facultade Humanidades

## Curso Académico: 2022 / 2023

***Control da elaboración e aprobación***

| *Unidade / Órgano* | *Data de entrega ou aprobación* |
|---|---|
| *Comisión de Calidade da Facultade* | *27/06/2024* |
| *Informe técnico do SCVTI* | *03/11/2024* |
| *Xunta de Facultade* | *12/11/2024* |
| *Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno* | *29/11/2024* |

## Índice

**1. Introdución**.....2
**2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados**.....7
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....7
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....14
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....20
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....27
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....33
Directriz 6. Información pública.....37
**3. Plan de Melloras do centro**.....38
**4. Modificacións nos diferentes títulos**.....74
**5. Listaxe de evidencias e indicadores**.....75

# 1. Introdución

A Facultade de Humanidades considera de suma importancia procurar a calidade no contexto universitario co obxecto de garantir programas formativos que sexan adecuados para responder ás demandas da excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades deseña a súa propia política establecendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que fagan da xestión da calidade un elemento estratéxico para cumprir co compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

O equipo directivo da Facultade, así como a Comisión de Calidade, teñen un forte compromiso coa execución das accións de mellora.

Os axentes directamente implicados no correcto desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, o Responsable de Calidade, o Comíte Consultivo e os/as Coordinadores de Titulo.

De acordo co proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade da Facultade, pechando o ciclo de calidade anual da Facultade. A Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades concíbese como unha ferramenta para a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), que abarca a calidade dos títulos que se imparten na Facultade: Grao en Xestión Cultural, Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (en extinción) e o Máster Universiario en Servizos Culturais.

Desde xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade levar a cabo unha análise global do SGC.

## 1.1. Estrutura do Centro para o desenvolvemento do SGC

Na Facultade de Humanidades os órganos competentes encargados de realizar o diseño e seguimento do SGC así como da elaboración da Memoria de Calidade son os seguintes:

- Equipo Decanal
- A Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades
- O Responsable de Calidade
- As Comisións de Título
- Os/as Coordinadores de Título
    - Grao en Xestión Cultural
    - Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
    - Máster Universitario en Servizos Culturais

## 1.2. Procedemento para a elaboración da Memoria de Calidade

En aplicación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, a elaboración desta memoria corresponde á Comisión de Calidade do Centro, trala finalización da cal trasladouse á Xunta de Facultade para a súa aprobación o XXXX de 2024.

Esta memoria toma como referencia os informes de resultados dos títulos de grao e máster;

neles analízanse, de xeito pormenorizado os resultados do SGC en relación á organización de desenvolvemento dos títulos durante o curso académico 2022-2023. Tamén son documentos de referencia para a elaboración desta memoria o Manual do Sistema de Garantía de Calidade, o Manual de Procesos e a Prórroga do Plan Estratéxico do Centro.

### 1.3. Estrutura da Facultade de Humanidades para o desenvolvemento do SGC

O ámbito de aplicacion do SGC comprende a todas as titulacións impartidas no Centro e a todo o persoal da Facultade (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos).

Os títulos que se impartiron durante o curso académico 2022-2023 foron:

-G5101V01/G5101V02 Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural - modalidade presencial e semipresencial - (en proceso de extinción).
-G5091V01 Grao en Lingua e Literatura Españolas (L) (en proceso de extinción)
-G5111V01/G5111V02 Grao en Xestión Cultural -modalidade presencial e semipresencial-
-P5023V01 Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) -modalidade semipresencial-

O centro réxese pola seguinte documentación de referencia:

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Humanidades.
- Manual do Sistema de Garantía de Calidade
- Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade
- Plano Estratéxico da Facultade de Humanidades
- Memorias dos Títulos impartidos no Centro
- Regulamento de prácticas externas
- Regulamento de solicitude e defensa do TFG e TFM

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son: o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as Comisións de Título e o Responsable de Calidade. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade:
https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/calidade/documentacion-sgc

A continuación indícase a composición e as funcións da Comisión de Calidade (CCC):

- Decano da Facultade de Humanidades (presidente e responsable de calidade)
- Os/as coordinadores de Título
- Responsable da Unidade de Xestión de Centro da Facultade de Humanidades
- Representantes do alumnado
- Representantes de persoal docente e investigador

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC).
- Ser a interlocutora coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través da/o responsable de calidade do Centro, así como atender as indicacións e requirimentos

dados pola vicerreitoría con competencias en Calidade para implantar os axustes e melloras do SGC na Facultade.

- d. Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGC
- e. En relación cos títulos de Grao e Mestrado, e dentro do ámbito da Calidade, a Comisión de Calidade terá as seguintes funcións:
  - Elaborar o informe de seguimento do título, para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados de cada grao adscrito á Facultade e de propostas de mellora
  - Analizar a información proporcionada polas coordinadoras e coordinadores dos graos así como pola persoa responsábel de calidade o que permitirá levar a cabo o seguimento dos títulos.

**Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2022/2023:**

**20 de outubro de 2022.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. 2.
2. Presentación de propostas de boas prácticas de carácter xeral e de carácter específico para concorrer á IV Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos Centros docentes (2022).
3. Presentación de propostas para o recoñecemento como centro docente innovador para concorrer á Convocatoria para o recoñecemento da innovación docente nos Centros da USC (2022).
4. Asuntos de trámite
5. Rolda aberta de intervencións

**23 de novembro de 2022**. Reunión extraordinaria coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, das declaracións de intencións para a modificación das Memorias das Titulacións de Grao en Xestión Cultural e Máster en Servizos Culturais en aplicación do RD 822/2021 do 28 de setembro.

**19 de decembro de 2022**. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores
2. Aprobación, se procede, das declaracións de intencións para a modificación das Memorias das Titulacións de Grao en Xestión Cultural e Máster Universitario en Servizos Culturais en aplicación do RD 822/2021 do 28 de setembro
3. Aprobación, se procede, das propostas de premios extraordinarios de Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e do Máster U. en Servizos Culturais, correspondentes ao curso 2021/2022.
4. Rolda aberta de intervencións

**17 de febreiro de 2023**. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
2. Inicio dos procedementos para a elaboración dos Autoinformes de seguimento 2021/2022 do Grao en Xestión Cultural e do Máster U. en Servizos Culturais
3. Inicio dos procedementos para a modificación das Memoria das Titulacións de Grao en Xestión Cultural e Máster U. en Servizos Culturais en aplicación do RD 822/2021
4. Asuntos de trámite
5. Rolda aberta de intervencións

**29 de marzo de 2023.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
2. Aprobación, se procede, dos Informes de Seguimento 2021/2022 do Grao en Xestión Cultural e do Máster U. en Servizos Culturais
3. Asuntos de trámite
4. Rolda aberta de intervencións

**13 de abril de 2023.** Reunión extraordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das modificacións das Memorias das Titulacións de Grao en Xestión Cultural e do Máster Universitario en Servizos Culturais en aplicación do RD 822/2021.
2. Aprobación, se procede, das Memorias xustificativas (anexo I da Orde de 20 de marzo de 2012)
3. Aprobación, se procede, das Memorias económicas (Anexo II da Orde do 20 de marzo de 2012)

**8 de xuño de 2023.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Aprobación, se procede, do borrador da Memoria de Calidade da Facultade 2021/2022 para a súa remisión e revisión pola área de calidade da USC.
3. Asuntos de trámites.
4. Rolda aberta de intervencións.

## 1.4 Cambios na oferta de títulos impartidos no centro

No curso académico 2022-2023 presentaronse as declaracións de intencións para a modificación das memorias do Grao en Xestión Cultural e do Máster Universitario en Servizos Culturais, para a súa implantación no curso académico 2024-2025, aprobadas en Xunta de Facultade, na sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2022.

As modificacións sustanciales propostas son:

- Incorporación do ámbito de coñecemento de acordo co recollido no anexo I do Real Decreto 822/2021 do 29 de setembro

- Axuste das modalidades docentes de acordo coas modalidades de impartición recollidas no Real Decreto 822/2021 do 29 setembro

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

**Directriz 1. Política e obxectivos de calidade**

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Vixencia da Política de Calidade**

A política de calidade da Facultade de Humanidades mostra os compromisos do Centro coa mellora continua e a satisfacción dos grupos de interese.
O equipo decanal promove unha búsqueda da mellora continua do SGC e proponse como obxectivo a consolidación no Centro dunha cultura de calidade, coñecida, entendida e asumida por todos os colectivos e membros que a integran. Esta cultura de calidade é un factor estratéxico para consguir que as competencias, habilidades e destrezas tanto do alumando egresado como dos seus estudantes e, en xeral, de todo o seu persoal sexan coñecidas polos empleadores e pola sociedade en xeral.
Durante o curso academico 2022/2023, a Facultade de Humanidades continuou dirixindo o seu esforzo e traballo de cara a proporcionar unha formación de calidade garantindo os compromisos adquiridos coa sociedade e acorde ás necesidades e expectativas dos usuarios e da sociedade en xeral, utilizando toda a potencia dos seus recursos e servizos así como do seu persoal académico e de administración e servizos para cumprir os seus obxectivos.
A renovación da Política de Calidade do Centro realizarase cada vez que se produza un cambio ou sempre que se estime necesario.

**Revisión do SGC**

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.
Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade en febreiro de 2012, como elemento clave e estratéxico para establecer un

compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.
No curso 2018/2019 o centro procedeu a adaptar o SGC ao novo documento marco do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade en Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018.

Estes manuais foron aprobados pola Xunta de Facultade o 23 de xullo de 2019.

A Comisión de Calidade considera que o SGC debe ser actualizado.

Actualizados os manuais e completado o plan estratéxico, quedaría pendente, dentro dos procesos de xestión de calidade, activar o Comité Asesor Externo.

Respecto da xestión dos procesos de calidade, considérase necesario nomear a un coordinador/a xeral de calidade que apoie o labor desenvolvido polo responsable de calidade do centro (actualmente o decano) e permita levar ao día e mesmo anticipar procedementos que tenden a demorarse por mor de sobrecargas de traballo nos órganos directivos.

O regulamento de réxime interno foi modificado o 18 de decembro de 2020, aprobada a modificación en Xunta de Facultade e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020. Toda a documentación relacionada co SGC da Facultade atópase no seguinte enlace:
https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/calidade

**Evolución do Plan Estratéxico**

O Plan Estratéxico da Facultade de Humanidades ten como referencia para a súa elaboración o Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2011 ‐ 2020.

O 14 de decembro de 2020 a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos informou favorablemente da proposta de Prórroga do Plan Estratéxico 2016-2020 da Facultade de Humanidades, de conformidade co establecido na Resolución Reitoral de 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados nos SGC dos Centros

O 18 de decembro de 2020 aprobouse en Xunta de Facultade a Prórroga do Plan Estratéxico do Centro en resposta á Resolución Reitoral do 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC.

A evolución dos obxectivos estratéxicos de cada unha das liñas en torno ás que se orienta o Plano Estratéxico do centro aparece detallado na seguinte táboa que amosa o grao de cumprimento do mesmo:

| EVOLUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **LIÑA ESTRATÉXICA 1:** Levar adiante actividades de orientación laboral para o alumnado mediante recursos propios ou facilitados pola Vicerreitoría res ponsable da acción na USC | | | | |
| **OBXECTIVO** | **ACCIÓN** | **DATA** | **INDICADORES** | **GRAO DE CUMPRIMENTO** |
| 1.Orientar ao alumnado no seu futuro laboral | -Xornada de orientación para o alumnado a cargo do Servizo de Orientación Laboral da USC<br>-Organización das xornadas de xestión e mediación cultural<br>- Elaboración dun documento informativo no que se recollan enlaces a buscadores de emprego, asociacións profesionais, institucións.... | Curso 2022/2023 | | Non acadado |
| 2.Dar a coñecer as convocatorias públicas de bolsas formativas e as ofertas de emprego | -Xornada informativa sobre as convocatorais de bolsas e ofertas de emprego<br>-Publicitar as convocatorias de bolsas e ofertas de emprego mediante as redes sociais das titulacións d ocentro así como a través das aulas de coordinación | Curso 2022/2023 | Aula de coordinación do Grao en Xestión Cultural | Totalmente acadado |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 2:** En coordinación coas Vicerreitorías responsables, intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comuniación co estudantado | | | | |
| 1.Potenciar as redes sociais da Facultade de Humanidades e das súas titulacións | -Creación das redes sociais do Grao en Xestión Cultural | Curso 2022/2023 | Enlaces ás redes sociais:<br>Facebook<br>Instagram<br>YouTube | Totalmente acadado |
| 2.Potenciar a información que se publica na nova páxina web da Facultade | -Trasladar a información relevante da Facultade e dos seus títulos nos apartados correspondentes a | Curso 2022/2023 | Enlace á páxina web<br>https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades | Parcialmente acadado |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | nova web | | | |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 3:**<br>Fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores productivos relacionados coas súas titulacións | | | | |
| 1.Averiguar as demandas do sector | -Elaboración, en colaboración coa Área de Orientación Laboral da USC, dun informe sobre a situación do sector e os perfís profesionais demandados | Curso<br>2022/2023 | | Non acadado |
| 2.Favorecer a participación do Comité Consultivo externo da Facultaade de Humanidades | -Celebración de reunións periódicas do Comité Consultivo Externo a fin de recabar información sobre os perfís profesionais emerxentes | Curso<br>2022/2023 | | Non acadado |
| 3.Implementar indicadores de elaboración propia | -Elaboración dunha enquisa remitida aos egresados a fin de averiguar a súa situación laboral, sector no que están empregados... | Curso<br>2022/2023 | | Non acadado<br>(No Máster U. en Servizos Culturais |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 4:**<br>Incorporar en todas as actividades e servizos no ámbito de responsabilidade do centro os valores de inclusión | | | | |
| 1.Favorecer e garantir a participación de todo o alumnado nas actividades que promova o centro | -Colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) para a integración do alumnado con necesidades específicas | Curso<br>2022-2023 | En función das necesidades de cada estudante e segundo a súa diversidade, ofrecéselles os apoios necesarios para a inclusión de carácter personalizado a través do SEPIU | Totalmente acadado |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 5:**<br>Mellorar a información relativa a xestión de prácticas en empresas e a identificación dos datos necesarios de cara a facilitar a información para as convocatorias de prácticas de empresas nas titulacións de grao e mestrado da Facultade de Humanidades | | | | |
| 1.Publicar os convenios de prácticas existentes para as titulacións de grao e mestrado da Facultade de Humanidades | -Elaborar un documento no que se recollan as empresas e institucións que ofertan prácticas de empresas xunto cos seus datos de contacto<br>-Poñer este documento a disposición do alumando de grao e mestrado a través da | Curso<br>2022/2023 | Enlace á paxina web da Facultade:<br>https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/practicas | Parcialmente acadado |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | páxina web da Facultade de Humanidades<br>-Elaboración dun mapa coa ferramenta google maps que permita a fácil localización destas empresas ou institucións | | | |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 6:**<br>Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de futuras titulacións compartidas | | | | |
| 1.Localizar todas as titulacións españolas e estranxeiras do mesmo ámbito cas impartidas na Facultade de Humanidades | -Analizar a estructura e orientación destas titulacións<br>-Explorar a posibilidade de establecer futuras titulacións compartidas | Curso<br>2022/2023 | | Non acadado |
| **LIÑA ESTATÉXICA 7:**<br>Mellorar o programa de atención titorial para o alumnado internacional de grao e mestrado | | | | |
| 1.Mellorar a atención titorial ao alumnado estranxeiro de grao e mestrado | -Xornada de benvida e presentación da titulación na que están matriculados<br>-Elaboración dunha breve guía a modo de preguntas e respostas sobre as dúbidas que ao alumnado internacional se lle poidan plantexar<br>-Potencia a atención a este alumnado por parte dos coordinadores de curso | Curso<br>2022/2023 | | Non acadado |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 8:**<br>Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais en coordinación coa política xeralde comunicación coa USC | | | | |
| 1.Inclusión da Facultade de Humanidades e dos seus títulos en redes nacionais e internacionais do ámbito da Xestión Cultural | -Actualización e publicitación da oferta formativa da Facultade de Humanidades e dos seus títulos en redes nacionais e internacionais no ámbito da Xestión Cultural<br>-Inclusión da Facultade de Humanidades e da | Curso<br>2022/2023 | | Non acadado |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | súa oferta formativas nas páxinas web de diferentes asociacións profesionais do ámbito da xestión cultural, tanto a nivel nacional como estranxeiro | | | |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 9:**<br>Analizar e propoñer accións respecto ás necesidades de ordenación e xestión de infraestructuras a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das infraestructuras | | | | |
| 1.Implementación dun plan de aforro enerxético | -Sustitución das actuais luminarias de aulas e despachos por luminarias led<br>-Reorganización dos horarios de calefacción de acordo coas horas de docencia | Curso 2022/2023 | | Totalmente acadado |
| 2.Electrificación das aulas | -Instaación de enchufes para portátiles do alumnado nas aulas | Curso 2022/2023 | | Totalmente acadado |
| 3.Mellora dos espazos para a docencia e actividades prácticas | -Creación do Centro de Experimentación de Proxectos Culturais e do Taller de Tecnoloxías Dixitais<br>-Mellora do sistema de proxección audiovisual no Salón de Graos | Curso 2022/2023 | Paralizouse a creación do Centro de Experimentación á espera de que se execute o proxecto para reformar todo o complexo docente do que forma parte a Facultade de Humanidades como parte do acordo entre a Xunta de Galicia, Deputación de Lugo e a USC para trasladar a Facultade de Formación do Profesorado ao Campus | Parcialmente acadado |
| 4.Dotación de espazos para a mobilidade da comunidade universitaria | -Instalación de aparcadoiros para bicicletas e patíns eléctricos | Curso 2022/2023 | Instalaronse dos aparcadoiros no recinto da Facultade de Humanidades | Totalmente acadado |
| **LIÑA ESTRATÉXICA 10:**<br>Levar adiante iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucióna a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado | | | | |
| 1.Aumentar a composición do Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades | -Incorporar ao Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades a algún dos responsables destas empresas, entidades e institucións cunha colaboración máis estreita con este centro | Curso 2022/2023 | | Non acadado |

Á vista dos resultados alcanzados ata o momento, faise notoria a necesidade de acadar un maior nivel de compromiso e esforzo que permita chegar a cumprir, senón todos si a maioría dos obxectivos programados. Neste sentido, cómpre acometer unha correcta planificación e habilitar as ferramentas de control e seguimento pertinentes para garantizar o seu efectivo cumprimento.

**Seguimento dos Planes de Melloras Anteriores**

Evolución do Plan de melloras do Centro:

O plan de melloras da Facultade de Humanidades para o curso 2022-2023 está formado polas accións de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable e que aparecen recollidas nos informes de seguimento. No curso 2021-2022 estaban previstas 15 accións de mellora. A distribución das acción de mellora nas titulacións é a seguinte: Grao en Xestión Cultural (5) e do Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) (10 ) O plan de melloras do centro abrangue obxectivos comúns a todalas titulacións do centro así como ao mantemento de infraestructuras e espazos docente**s**

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a Comisión de Calidade. A continuación, indicamos o grao de consecución dos obxectivos marcados no plan de melloras para o curso 2021-2022.

**Plan de melloras do Grao en Xestión Cultural**

Cómpre destacar que todas as tarefas recollidas no Plan de Melloras do primeiro Autoinforme foron executadas satisfactoriamente dentro do prazo establecido. Isto evidencia o compromiso cos procedementos recollidos no SGC para o seguimento do título. O cumprimento das tarefas do Plan de Melloras acredítase mediante as correspondentes evidencias incorporadas a través da aplicación do Servizo de Calidade da USC.

**Plan de melloras do Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edic.)**

Respecto as accións de melloras da titulación do Máster Universitario en Servizos Culturais, indicar que a maioría das accións de mellora foron executadas.

**Mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**

De acordo co recollido no proceso PI-08 Satisfacción expectativas e necesidades do Manual do SGC a recollida de información para medir a satisfacción dos grupos de interese e obter información sobre as súas necesidades realízase por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. A Comisión de Calidade é a encargada de analizar a información e emitir os informes correspondentes.
Outras canles de información foron postos en marcha pola Facultade de Humanidades para recabar información sobre grupos de interese para os que a información institucional non resulta suficiente. De feito, en cursos anteriores o centro deseñou e lanzou enquisas específicas para poder coñecer de forma directa a situación real dos egresados no Máster Universitario en Servios Culturais sen excesivo éxito.
No que respecta ás queixas, reclamacións, recursos, etc. a Facultade de Humanidades non recibiu ningunha achegada de xeito oficial. Sen embargo, no buzón da aula de coordinación do Máster Universitario en Servizos Culturais, recibironse 4 queixas, resoltas satisfactoriamente.

**Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacions no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Adecuación dos procedementos de melloras das titulacións**

A Facultade de Humanidades aplica os procesos relativos ao deseño, á aprobación e á revisión periódica dos seus programas formativos seguindo os procedementos descritos no Manual de Procesos do SGC: tanto institucionais, PI-01 : Deseño, modificación e extinción de programas, como estratéxicos, PE-02 : Revisión e mellora do SGC, así como de centro, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, onde se establecen os diagramas de fluxos dos procesos.

**A continuación preséntase unha reflexión para cada un dos títulos impartidos no centro en relación coa directriz 2:**

- **Grao en Lingua e Literatura Españolas (L)**.

O Consello de Goberno, na sesión ordinaria do 18 de xullo de 2019, aprobou a supresión do Grupo de docencia do Campus de Lugo do Grao en Lingua e Literatura Españolas, a partir do curso 2019/2020. No curso 2022/2023 este grao xa non ten docencia, só exames de terceiro e cuarto curso. O estudantado matriculado nas materias terá dereito a exame, polo que a programación, metodoloxía docente e avaliación, deberán adecuarse a esta situación. A este respecto os departamentos deberán indicar o/a docente responsable que se encargará tanto das titorías como dos exames —como normal xeral, correspóndelle ao profesorado último que impartise a materia—.

**-Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (modalidade presencial e semipresencial)**

A supresión deste título foi acordada polo Consello de Goberno da USC, e publicado no DOG con data de 22 de febreiro de 2022.

No curso académico 2021/2022 comezou o proceso de extinción, tanto na modalidade presencial como na semipresencial. No curso 2022/2023 ofertouse docencia en terceiro e cuarto curso e mantéñense os exames de todos os cursos.

Os programas apróbanse en primeira instancia nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas e as fichas que figuran na Memoria do título.

Unha vez aprobados polos respectivos departamentos a Comisión do Título fai unha revisión de todos os programas, comunicandolles se é necesario os cambios que deben realizar.

Con todo, o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade e os mecanismos e procedementos establecidos pola USC para a extinción de títulos no seu Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na Universidade de Santiago de Compostela garanten que o estudantado matriculado na titulación poida rematala con garantías. A día de hoxe, non se produciu ningún tipo de incidencia con respecto a este proceso de extinción.

-**Grao en Xestión Cultural (modalidade presencial e semipresencial)**

No curso académico 2022-2023 a Facultade de Humanidades continúa o proceso de implantación da titulación. Con só dous cursos implantados, non houbo ningún problema nin impedimento para ofertar as materias do plano de estudos cun desenvolvemento académico acorde ao recollido na Memoria do Título.

**No período para elaborar as programacións docentes**, remitiuse desde a coordinación do grao un correo con indicacións sobre o modo de cubrir os programas, proporcionando a cada docente copia da ficha da súa materia na Memoria do Título, con indicacións claras acerca das particularidades metodolóxicas da modalidade semipresencial que debían ser recollidas nas programacións docentes. Tamén se lles recordaron as ponderacións máximas e mínimas para cada un dos criterios de avaliación que figuran na Memoria.
Na revisión dos programas por parte da coordinación do grao e dos coordinadores de curso, antes da súa aprobación en Xunta de Facultade (7 de xuño de 2022), comprobouse que todas as especificidades se recollesen adecuadamente nos programas da totalidade das as materias, comprobando que os obxectivos formativos, contidos e competencias se correspondían cos que se recollen nas fichas da Memoria do Título.

**Os procedementos de coordinación vertical e horizontal** recollidas na Memoria de verificación do título foron desenvoltas durante este segundo curso de impartición e nomeouse a un docente como coordinador de segundo curso.

Na primeira semana do curso realizouse unha sesión específica para o alumnado de primeiro curso da modalidade semipresencial. Nesta sesión, a través de MSTeams, participaron o coordinador do grao e o ATS encargado do asesoramento técnico. Nesa reunión explicouse a metodoloxía da modalidade semipresencial e resolvéronse todas as dúbidas sobre o uso das principais ferramentas tecnolóxicas (Campus virtual e MSTeams).

Un labor importante dos coordinadores de curso e do coordinador do título é supervisar que a carga de traballo ao longo do semestre sexa equilibrada e axustada ás actividades previstas nas programacións docentes. Para garantir o cumprimento desta coordinación propúxose dentro das Accións de Mellora unha tarefa consistente na elaboración dun documento conxunto no que se recollesen as tarefas de avaliación continua programadas en cada materia xunto co cronograma dos seus prazos de entrega. Esta tarefa de mellora foi executada satisfactoriamente e volverá propoñerse para os vindeiros cursos mellorando un pouco a súa eficacia mediante a elaboración dunha táboa que deberán cubrir os docentes de forma que a correspondente planificación das tarefas se recolla cun formato homoxéneo en todas as materias. Modifícase con este propósito a descrición da

tarefa.

Para garantir unha boa coordinación vertical e horizontal convén tamén configurar ferramentas que favorezan o contacto entre coordinadores e entre coordinadores e docentes. Así, propúxose dentro das Acción de Mellora, unha tarefa consistente na creación de equipos de MSTeams administrados polos coordinadores de curso, e supervisados polo coordinador do título, no que se integren os docentes de cada un dos cursos para compartir documentos e información relevante para este propósito. Esta tarefa foi executada satisfactoriamente e renóvase como tarefa ao longo dos vindeiros cursos.

Para favorecer o contacto entre todo o PDI con encargo docente no título e posibilitar o intercambio de impresións e valoracións, o coordinador do grao convocou unha reunión de todo o corpo docente. Esta reunión celebrouse o 18 de xullo de 2023 e puido participarse tanto presencialmente, no Seminario 214, como a través de MSTeams. O coordinador aproveitou a xuntanza para facer unha valoración do curso a piques de rematar, para recordar aspectos importantes con vistas ao comezo do novo curso. Houbo tamén un intercambio de consideracións entre os participantes, salientándose a necesidade de facer todo o posible para aumentar a matrícula.

Desde a coordinación do grao deseñouse unha enquisa interna sobre "Satisfacción global co grao" (https://forms.office.com/e/LVAjPi8AQ5) co obxectivo de ter unha ferramenta que nos permita coñecer a valoración global do noso alumnado acerca do cumprimento do programa formativo, e doutros aspectos, e a detección temperá de posibles desaxustes. Esta enquisa foi anunciada e publicada a través da aula de coordinación e estivo aberta entre o 25 de abril e o 15 de maio de 2023. Moitos ítems ofrecían unha escala (1-5) para expresar o acordo ou desacordo co enunciado, na que 1 significa "Totalmente en desacordo" e 5 "Totalmente de acordo". As respostas máis significativas desta enquisa para este apartado son as que seguen. O alumnado de primeiro curso deron unha cualificación media de 4.67/5 ao enunciado "Os contidos das materias deste primeiro curso parécenme interesantes" e unha cualificación media de 4.33/5 ao enunciado "Os contidos e os obxectivos formativos das materias deste primeiro curso parécenme útiles para a miña formación". As cualificacións medias do alumnado de segundo curso a estes mesmos enunciados foi de 3.58 e 3.67. A cualificación media dos dous cursos ante o enunciado "O profesorado cumpre co que se recolle nos programas das materias" foi de 3.60, e de 3.53 respecto da afirmación "O profesorado ten unha actitude positiva e motiva o interese e a participación do alumnado"

Os resultados desta enquisa xustifican un moderado optimismo en canto á adecuación do título deseñado coas expectativas formativas do alumnado ao estar, todos os epígrafes, no segundo tramo do baremo e ningún por debaixo do 2.5 sobre 5.

Na enquisa propia de satisfacción global xa mencionada o enunciado "O labor de coordinación do título (entre docentes, entre docentes e alumnado) é satisfactorio" obtivo unha cualificación media de 3.40/5.
A satisfacción dos docentes coa coordinación pode acreditarse no INF14 (enquisa de satisfacción do profesorado), xa que no ítem "A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?" a media das resposta é 3.93/5.
Estes datos permiten considerar que todos os participantes no proceso formativo do grao están razoablemente satisfeitos coas tarefas de coordinación.

A cualificación media ante o enunciado "O profesorado cumpre co que se recolle nos programas das materias" é de 3.6/5. Isto permite considerar que as actividades académicas se desenvolveron segundo o recollido nas programacións docentes revisadas e aprobadas.

Na memoria se indican diversos **perfiles de ingreso:** alumnado de bacharelato (Ciencias Sociais, Humanidades) a través das probas ABAU, alumnado de FP e persoas maiores con experiencia laboral no sector cultural, e se establece a oferta de 45 prazas entre as dúas modalidades.

O IN03G dá conta de que o número de alumnos matriculados en primeiro curso foi 10 e de que a matrícula global (IN02G) foi de 35. Estes datos supoñen un retroceso respecto do curso anterior cando foron 41 os matriculados de novo ingreso. Sen que este factor sirva para explicar por completo este descenso, hai que sinalar que no primeiro curso de implantación do grao houbo un número considerable de estudantes que se matricularon no Grao en Xestión Cultural mediante a adaptación dos seus estudos no Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural que se ofertaba previamente. Esgotada esa bolsa de potencial alumnado que procedía do título anterior é preciso reforzar os esforzos por planificar actividades que permitan a difusión do novo título e as súas múltiples saídas profesionais entre a poboación, potencialmente, interesada.

A nota media de acceso por preinscrición, segundo o IN06G, é 7.36 e a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 77.78 (IN07G). Estes datos parecen indicar que a dificultade non se atopa no perfil nin no nivel do alumnado senón na capacidade para captar máis alumnado, o que permitiría subir a nota media de acceso e avanzar para cubrir todas as prazas ofertadas .

Ata que non haxa unha primeira promoción de alumnado que curse todo o plano de estudos non resulta viable facer unha avaliación completa do perfil formativo e de egreso.
Porén, o procedemento seguido no deseño e planificación do título permite defender xustificadamente a adecuación do seu perfil formativo ao perfil profesional da xestión cultural, xa que se tiveron en conta as recomendacións recollidas en distintas publicacións sobre a actividade da xestión cultural e as suxestións e propostas da Comisión Externa de profesionais da cultura que asesorou á Comisión Redactora. Polo tanto, semella correcto agardar polos froitos dunha titulación creada para atender a demanda dos grupos de interese.Ata que non haxa unha primeira promoción de alumnado que curse todo o plano de estudos non resulta viable facer unha avaliación completa do **perfil formativo e de egreso**.

A información sobre **satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións** dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación analízase no Informe de seguimento da titulación.

**-Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)**

A Coordinadora do Máster Universitario en Servizos Culturais (MSC) en colaboración coa Comisión de Calidade da Facultade realizou o Informe de Seguimento do Máster. O informe foi aprobado pola CC o 27 de xuño de 2024.

Da mesma maneira que para a titulación do Grao en Xestión Cultural o seguimento do cumprimento da **programación docente** fíxose desde a Comisión do Título. A Coordinadora enviou a todo o profesorado con docencia no título un correo electrónico con indicacións sobre o modo de cubrir os programas. Unha vez aprobados polos respectivos departamentos, realizouse unha revisión antes de ser aprobados en Xunta de Facultade, celebrada o 7 de xuño de 2022. Non se rexistrou ningún incumprimento dos programas.

Os **mecanismos de coordinación** establecidos no Máster en Servizos Culturais articúlanse en torno ás figuras da coordinadora da titulación, da coordinadora das prácticas externas, e por suposto da comisión do Título e da Comisión de Calidade.

A coordinadora do Máster leva a cabo unha serie de reunións de coordinación ao longo do curso académico (unha ao inicio, e outra ao finalizar o primeiro semestre e, unha última, ao finalizar o curso) para realizar un seguimento e valorar que melloras se poden executar.

A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, inclúe unha cuestión referida á coordinación na organización do título, ítem no que se acada unha puntuación media de 3,73 sobre 5.

A opinión do alumnado recíbese fundamentalmente a través dos seus dous representantes na Comisión Académica, que transmiten os comentarios das reunións periódicas que ten o alumnado da titulación. Tamén se celebran reunións entre a coordinación do máster e o alumnado para coñecer a súa valoración da titulación, as debilidades e dificultades que detectan e as propostas de mellora. Como resultado dese proceso de diálogo co alumnado, non se evidencian maiores incidencias máis aló dunha reiterada queixa cara a posible acumulación ou solapamento na entrega de tarefas nalgunhas materias así como unha certa intensidade da carga docente en momentos puntuais.

A análise do **perfil de ingreso** no Máster Universitario en Servizos Culturais realízase cada ano no infome de seguimento da titulación. Existe unha total coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria e o perfil real do estudantado. Este caracterízase pola súa diversidade dentro das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais.

En canto á análise dos indicadores relativos ao **perfil de acceso**, destácase o IN01M Prazas ofertadas: ofértanse 25 prazas, este número non foi modificado nos últimos anos. No curso 2022-2023 o número de persoas matriculadas son 44, incluíndo o alumnado repetidor e de tempo parcial, se ben de novo ingreso foron 23 persoas. A titulación de procedencia foi a seguinte (I2):

- Título Superior de Arte Dramática e os seus Equivalentes Rd 770/97 e Om de 05/04/1999 1
- Baccalaureatus in Theologia pola Facultade de Teoloxía de a Universidade Pontificia de Salamanca 1
- Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela 1
- Grao en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid 1
- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural pola Universidade de Santiago de Compostela 2
- Grao en Historia e Patrimonio pola Universidade Jaume I de Castellón 1
- Grao en Lingua e Literatura Españolas pola Universidade de Santiago de Compostela 1
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas pola Universidade de Santiago de Compostela 2
- Grao en Mestre en Educación Infantil pola Universidade de Santiago de Compostela 1
- Grao en Turismo pola Universidade da Coruña 1
- Grao Superior de Música, Especialidade de Piano 1
- Estudos Realizados no Estranxeiro 7
- Licenciado en Filoloxía Inglesa 1
- Licenciado en Traducción e Interpretación 2

A nota media de **acceso por preinscrición** (IN06M) foi de 8.03 lixeiramente superior ao 7.7 que foi a nota media no curso 2021-2022, e a mais alta dos últimos cinco cursos académicos. A porcentaxe de estudantes que acceden a titulación con puntuación igual ou superior a 6 é do 100% (IN07G).

Respecto ao **perfil dos egresados** non se dispón de datos sobre a súa empregabilidade. En anos anteriores diseñouse un cuestionario para recoller a información pero a participación dos egresados non resultou o suficientemente significativa como para manter a súa realización.

Os **resultados de aprendizaxe** previstos na memoria preséntanse pormenorizados no Informe de seguimento do título, con todo ofrecemos un breve resumo:

As taxas das diferentes materias, están, en xeral, dentro dos parámetros desexables.

A taxa de rendemento é do 75.16% para o curso 2022-2023, un valor bastante inferior ao curso anterior.

A taxa de éxito foi do 99.45%, superior aos últimos cursos.

A taxa de avaliación foi do 75.57%, moi inferior aos últimos anos.

A taxa de graduación foi do 70.83%. Este dato experimenta un incremento respecto ao anterior curso, que o volve a posicionar na cifra máis elevada xunto co curso 2020-21

A duración media dos estudos foi do 1.75, moi superior aos últimos cursos

A taxa de abandono foi para o curso 2022-2023 do 12.5%, observamos un descenso constante nos últimos cursos .

En xeral os indicadores de satisfacción son positivos, aínda que a participación nas enquisas segue sendo moi baixa. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida é adecuada.

## Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
    - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
    - Admisión do alumnado (acción de captación).
    - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
    - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
    - Mobilidade.
    - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
    - Avaliación da aprendizaxe
    - Prácticas externas.
    - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
    - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
    - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A adecuación dos procedementos relacionados coa garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación realízase conforme aos procesos de planificación das ensinanzas do SGC entorno aos cinco procesos: PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-03 Apoio aos estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.

**A continuación preséntase unha reflexión para cada un dos títulos impartidos no centro en relación coa directriz 3:**

**-Grao en Xestión Cultural (modalidade presencial e semipresencial)**

**O proceso de admisión** ao Grao en Xestión Cultural realízase conforme ao establecido na normativa de acceso que regula o acceso ao Sistema Universitario Galego (SUG). O Grao de Xestión Cultural ten un carácter único dentro do SUG.

A captación de alumnado é, sen dúbida, o gran reto para este título novidoso e moi pouco coñecido, principalmente entre os estudantes de bacharelato. Trátase dunha labor que require de tempo e esforzos para conseguir bos resultados. Neste sentido procede sinalar que os datos do curso 2022/2023 non son, certamente, satisfactorios.

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, hai unha persoa de fóra de Galicia e o resto proveñen da comunidade autónoma, sendo 13 da provincia da Coruña, 12 da de Lugo e 1 da de Ourense (INF16).

Todo o alumnado matriculado na modalidade presencial provén da Comunidade Autónoma de Galicia e 6 da provincia de Lugo. (INF16)

A Facultade de Humanidades participa activamente nos programas de **captación de alumnado** entre a Universidade e o ensino secundario:

-A Ponte co ensino Medio: Unha porcentaxe elevada do profesorado da Facultade participa no programa A Ponte, visitando centros de ensino medio para dar a coñecer á USC e as súas titulacións ou para impartir conferencias temáticas, organizando os encontros na USC. Unha evidencia clara é o número de charlas impartidas polo profesorado da Facultade en IES.

-A participación de responsables do título e alumnado do centro en CulturGal, a feira do sector cultural máis importante de Galicia. Resulta sensato entender que a visita ao CulturGal axudará a difundir o título entre os profesionais do ámbito cultural, que responden ao perfil de alumnado da modalidade semipresencial así como entre o alumnado de secundaria que soe visitar a feira no primeiro día de apertura pública.
Ademais, realizaranse as oportunas xestións cos responsables de CulturGal para establecer vías de colaboración, procurando que responsables de CulturGal veñan á nosa facultade a falar sobre este evento como primeiro paso cara a articulación de proxectos conxuntos entre o CulturGal e o noso Grao en Xestión Cultural.

-Outra actividade de captación de alumnado dirixida, especialmente, ao alumnado da modalidade semipresencial, consistirá nunha campaña nas redes sociais que visibilice as saídas profesionais do título e a valoración positiva de alumnado matriculado, así como informar con claridade das datas e procedementos para a preinscrición.

Dentro da Acción de Mellora GXC-01 propoñemos unha nova tarefa (GXC-01.04) encamiñada a fortalecer o contacto e a interacción cos responsables de orientación e os equipos directivos dos centros de secundaria en Galicia. Posto que nas visitas aos centros comprobamos reiteradamente que apenas hai alumnado de secundaria que coñeza da existencia e oferta do Grao en Xestión Cultural, é preciso articular estratexias eficaces para que os responsables docentes e pedagóxicos de IES e centros de FP coñezan das potencialidades do título e nos axuden a difundilo entre o seu estudantado. Esta nova tarefa consistirá na elaboración dun formulario invitando a que sexa cuberto por membros dos equipos de dirección e de orientación de secundaria en Galicia. Mediante este formulario poderemos saber do nivel de coñecemento sobre a oferta do noso título nos institutos e a súa valoración sobre os aspectos máis positivos nos que deberiamos poñer o foco. A través deste formulario tamén recolleremos suxestións e propostas concretas de actividades nos centros de secundaria.

Un dos procedementos que si se aplicou neste curso é o de **recoñecemento de estudos**. Segundo o procedemento establecido na correspondente normativa, a UXA tramitou ao centro as distintas solicitudes de recoñecemento de créditos. Recibimos solicitudes de recoñecementos de créditos relacionadas, principalmente, con ciclos superiores de FP. En moitos casos aplicáronse as resolucións de recoñecementos xa aprobadas e tramitadas ao longo do curso 2021/2022. En relación aos recoñecementos de estudos, á facultade só chegan solicitudes de recoñecemento para alumnado de graos da USC cos que non existen táboas directas de recoñecementos. No curso 2022-2023 , houbo solicitudes de alumnado procedente das titulacións de Licenciatura en Xeografía e Historia, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Mestre especialidade en Lingua Estranxeira, Licenciatura en Filoloxía Galega, Diplomatura en Educación Social, Grado en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.

Seguindo ese procedemento a Comisión do Título (nas súas reunións do 14/09/2022, 13/10/2022 e 7/03/2023) acordou os recoñecementos de créditos, e a súa xustificación, recollidos na E5.

As accións dirixidas aos estudantes de grao encádranse no **plan de acción titorial** (PAT), que se poden consultar na web da Facultade https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/plan-accion-titorial

En canto ao Plan de Acción Titorial, entre as accións recollidas nel cómpre salientar:

- Sesión informativa sobre o TFG / TFM, celebrarase no me de outubro.
- Sesión informativa sobre Prácticas Externas de Grao e Máster. Celebrarase nos meses de outubro ou novembro.
- Sesión informativa sobre Programas de Mobilidade
- Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC para axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presentan especiais dificultades
- Charlas informativas sobre procura de emprego e emprendemento
- Sesión informativa sobre oferta de formación de posgrado

Por outra parte, entre as actividades deseñadas pola USC e desenvolvidas para a orientación do alumnado que valoramos de especial interese está o programa de Titores, pertencente ao programa A Ponte da USC, que crea a figura de alumno/a-titor/a que é un estudante veterano que orienta e apoia ao novo alumnado. Unha avaliación positiva dá dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do alumnado. En relación a este aspecto, fíxose unha difusión do programa titores a través da aula de Coordinación

Respecto da participación do alumnado en **programas de mobilidade**, durante este curso implementouse a oferta dos programas de mobilidade para o alumnado interesado en facer estudos fóra durante o curso 2023/2024. A información sobre esta oferta, prazos e requisitos canalizouse a través da Aula de Coordinación do Grao en Xestión Cultural.

Ao só estar implantados os dous primeiros cursos aínda non había alumnado de mobilidade saínte, pero si se pode valorar a mobilidade entrante. Segundo o INF03 houbo 5 alumnos Erasmus matriculados no grao e 4 provenientes do Programa SICUE. Estes datos, que supoñen un incremento respecto do curso anterior, poden interpretarse como un elemento esperanzador sobre a capacidade do título para atraer alumnado externo.

En total no programa ERASMUS ofertáronse 60 prazas a través dos 28 convenios que a Facultade de Humanidades ten asinados. No programa SICUE ofertáronse 36 prazas a través de 20 convenios.

O feito de estar a valorar só os dous primeiros cursos do título, os únicos xa implantados, imposibilita dispoñer, polo de agora, dunha visión global ben fundamentada da adquisición dos resultados de aprendizaxe previstos no título. En todo caso, as reflexións e as Accións de Mellora recollidas nos dous primeiros Autoinformes de Seguimento deberían servir para garantir o cumprimento dos obxectivos formativos do título. Nesa dirección avanzan as tarefas descritas para ter información directa do estudantado sobre o seu nivel de satisfacción así como as estratexias deseñadas para a revisión das programacións docentes e a planificación coordinada da avaliación continua.

Os datos dos que dispoñemos, mediante a enquisa propia de satisfacción global, apuntan cara unha valoración positiva do nivel de cumprimento dos obxectivos formativos e unha satisfacción global media-alta, tal e como pode verse ilustrado na resposta ao ítem “Non me arrepinto de estar matriculado/a neste grao e o recomendaría aos meus coñecidos/as”, cunha media de 3.53/5.

Aínda que os datos recollidos nos indicadores teñan un carácter moi provisorio, esta valoración positiva tamén pode acreditarse na clara mellora presente nos poucos indicadores dispoñibles, o que podería apoiar a utilidade

inmediata dalgunhas das tarefas de mellora xa programadas e executadas.

A **taxa de rendemento** (IN34G) mellorou substancialmente, pasando do 49.54% do curso 2021/2022 ao 69.07% do curso 2022/2023. Aínda máis importante é a mellora dos datos da **taxa de avaliación** (IN36G) que alcanza o 75.38%, cando o curso pasado era do 55.66%. Estes indicadores seguen a estar por debaixo da media da USC pero invitan a pensar que as AM propostas no Autoinforme de Seguimento o curso pasado, e que serán activadas de novo, tiveron eficacia. Á mellora destes indicadores tamén contribuirían as tarefas de mellora relacionadas coa coordinación e planificación que xa foron executadas.

Todas estas tarefas de mellora contribuíron a atender ás especificidades do alumnado da modalidade semipresencial. O alumnado da modalidade semipresencial responde maioritariamente ao perfil de persoas con obrigas laborais e/ou familiares. Isto, que xa se indica na Memoria, fai que haxa que ser cauto na valoración das taxas de rendemento, porque o ritmo co que gran parte deste alumnado pode superar as materias é máis lento ao ter que compaxinar as actividades académicas coas outras obrigas laborais e familiares. As titorías personalizadas co coordinador do título axudan a coñecer as circunstancias particulares e o factor de motivación para matricularse. Ao mesmo tempo axudan a que o alumnado da modalidade semipresencial se sinta máis acompañado no proceso formativo e a clarexar directamente calquera dúbida. Dito isto, é preciso constatar que a casuística pola que o alumnado matriculado na modalidade semipresencial pode rebaixar o seu nivel de compromiso e cumprimento coas obrigas do título é imprevisible. Cambios na situación laboral ou familiar motivan nalgúns casos a desmotivación, cando non o abandono, por circunstancias non achacables ao deseño e funcionamento do título.

Cando teñan pasado catro ou cinco semanas de cada semestre, desde a coordinación de curso contactarán cos docentes para solicitar informe sobre o alumnado das dúas modalidades que pareza estar desenganchado do seguimento do título. Desta forma intentaremos detectar, o antes posible, ao estudantado susceptible de abandono para saber as súas circunstancias e intentar motivalo para comprometerse coas obrigas académicas. Por outra parte, o coordinador do título seguirá a realizar unha titoría individualizada co alumnado da modalidade semipresencial, estratexia indispensable para axudar ao alumnado a buscar vías que lle permitan compaxinar os estudos coas súas obrigas laborais/familiares.

Desta forma esperamos seguir mellorando os datos relativos a rendemento e avaliación, detectando posibles problemas e monitorizando as circunstancias específicas do alumnado da modalidade semipresencial. Respecto dos estudantes da modalidade presencial estas taxas mellorarán, sen dúbida, en canto as tarefas encamiñadas á captación de alumnado mostren a súa eficacia, de modo que haxa unha selección de acceso que propicie que a matrícula de estudantado máis motivado e cunha formación previa máis adecuada.

Os datos da **taxa de éxito** (IN35G) tamén melloraron, alcanzando o 91.63%, frente ao 89.01% do curso anterior. A puntuación neste indicador é superior á media da USC e consolida unha apreciación xa recollida no anterior Autoinforme de Seguimento. Dado o carácter novidoso e interdisciplinar do título, a dificultade está en captar alumnado cun perfil apropiado e o reto é conseguir que se manteña a motivación ao longo de todo o curso a pesar dos posibles cambios nas circunstancias persoais. Practicamente todo o alumnado que mantén o seu compromiso e a súa motivación ao longo de semestre supera as materias ás que se presenta. Estes mesmos datos deberían funcionar como incentivo para o alumnado con máis dificultades para un seguimento continuo do curso.

Se facemos unha análise dos datos recollidos no INF18 (**taxa rendemento por materias**) o máis destacable é a clarísima mellоría dos datos na modalidade semipresencial. A taxa de rendemento de todas as materias de primeiro curso na modalidade semipresencial está agora por encima do 50%. En canto ás materias de segundo curso, impartidas por primeira vez, salvo nunha asignatura nas demais a taxa de rendemento tende a estar bastante por riba do 50%. Isto confirma a valoración positiva respecto dun adecuado progreso e valida a eficacia das tarefas de mellora programadas e executadas. Os datos recollidos no INF19 sobre a **taxa de avaliación por materias** seguen a mostrar unha alta diversidade, pero, salvo no caso dunha materia concreta,

móvese sempre por riba do 50% e na maioría das asignaturas a taxa de avaliación é superior ao 70%. A valoración, en todo caso, destes datos está supeditada ao xa comentado respecto das taxas de rendemento, avaliación e éxito. Nas materias nas que a taxa de avaliación é máis baixa isto vai da man das baixas taxas de rendemento e avaliación, polo que é neses aspectos nos que hai que poñer o foco e cara onde se dirixen as AM xa comentadas.

A recente implantación do título, coa oferta unicamente dos dous primeiros cursos, non permite nin xustifica facer unha análise dalgúns dos aspectos a considerar neste apartado, xa que non houbo ocasión de iniciar e procedementos relacionados coas **prácticas externas ou do Traballo de Fin de Grao**.

A Comisión do Título analiza os **resultados da aprendizaxe** nas materias do título e identifica cada curso aquelas materias cuxos resultados desvíanse moito da media. Nestes casos, estúdanse conxuntamente co profesorado os mecanismos que se poden aplicar no que se refire ás metodoloxías como aos métodos de avaliación. Atendendo á información dos INF.17 e INF.15 neste curso observase un pequeño descenso da taxa de éxito das materias do primeiro curso.

Por último, en canto aos **indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48) neste curso académico foi dun 36%. A valoración media foi de 4.10 superior ao do curso 2021-2022 (INF-13). Neste curso todos os ítems da enquisa teñen unha puntuación por enriba do 4.10/5 aumentando con respecto ao ano anterior. A programación e coordinación das materias, así como a atención do profesorado en resolución de dúbidas e titorías seguen a recibir as mellores valoracións. Os indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia (INF-14) impartida tamén melloran en moitos dos apartados e no global, ata un 4.33, cunha participación maior ca do curso anterior (51.61%).

- **Máster Universitario en Servizos Culturais**

O proceso de admisión no Máster Universitario en Servizos Culturais (MSC) está regulado na memoria de verificación do Título, e realizouse de acordo cos criterios e procedementos establecidos na convocatoria de Matrícula da USC.

O Máster ten unha demanda importante, que aumenta desde o seu ano de implantación. Téñase en conta a excelente captación de estudantes que realiza o MSC nas bolsas BEME da Xunta de Galicia, cuxas/os beneficiarias/os non son estranxeiros ao teren a nacionalidade española, mais proceden na súa gran maioría de países hispanoamericanos e, nunha boa parte dos casos, veñen dos sistemas universitarios dos países de orixe e nunca fixeran formación académica en Galicia.

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, hai 37 persoas da Comunidade Autónoma de Galicia, 1 da Comunicada de Madrid, 1 da Comunidade de Valencia, 2 de Arxentina, 1 de Suiza, 1 de Colombia e 1 de Brasil (INF16).

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M) foi do 9.09% superior ao curso 2021-2022 que foi do 2.7%. Polo que se refire á Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09M) é do 2.27% lixeiramente inferior á dos últimos anos, que se mantiña ó redor do 8% no último curso. Polo que se refire á taxa de ocupación do título (IN12M) estamos nun 92 %, na liña dos últimos cursos.

Débese consignar a participación do Máster en Servizos Culturais na estratexia de captación de alumnado internacional desenvolvida, no curso 2022-23, desde a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, e consistente nas seguintes accións:

Actividade 1: Preparación e gravación de material audiovisual sobre o máster (decembro de 2021) para difusión

internacional atendendo ás demandas do estudantado obxectivo. Esta actividade conta con financiamento polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e la USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. O vídeo do MSC pode localizarse individualmente aquí: https://www.youtube.com/watch?v=eKJ-lnILE7s

Actividade 2: Participación en xornada de portas abertas virtual (Artes e humanidades, 26 de xaneiro de 2023) mediante webinar coa presentación de másters da mesma área de estudos, coa correspondente sesión de preguntas e respostas para resolver dúbidas dos programas ou dos procedementos de admisión internacional. A materialización da actividade, promocionada a través de mailing a 450K persoas e cun alcance a través de redes sociais de 168.765 e 100.199 nas distintas publicacións, resultou en 1045 persoas, entre as rexistradas e as que participaron sen se ter rexistrado, 75 delas na rama de Artes e Humanidades. Como resultado da participación nestas xornadas, xa por terceiro curso académico consecutivo, o aumento de número de alumnado procedente do territorio latinoamericano (bolseiros BEME na súa maior parte) faise evidente no IN08C. Pola súa banda, o IN09C indica unha baixa no relativo ao alumnado nacional de fóra de Galicia, o que se compensa co IN08C. Respecto das xornadas de portas abertas estas poden ser visualizadas aquí: https://www.youtube.com/watch?v=M_7Q9Jj1QK8

Non se contempla **mobilidade** entrante nin saínte, este feito explícase polas dificultades de realizar a mobilidade Erasmus para un máster de carácter anual.

A **taxa de rendemento** (IN34G) é do 75.16% para o curso 2022-2023, un valor bastante inferior ao curso anterior. Tamén decaeron os datos da taxa de avaliación (IN36G) que alcanza o 75.57%, moi inferior os últimos anos.

Os datos da **taxa de éxito** (IN35G) melloraron, alcanzando o 99.45%, moi superior aos últimos cursos. A puntuación neste indicador é superior á media da USC.

A análise dos datos recollidos no INF18 (**taxa rendemento por materias**) de todas as materias está por encima do 50%. Os datos recollidos no INF19 sobre a taxa de avaliación por materias seguen a mostrar unha alta diversidade, pero, móvese sempre por riba do 60% e na maioría das asignaturas a taxa de avaliación é superior ao 75%. Hai dúas materias que acadan o 100%.

Por último, en canto aos **indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumando coa docencia recibida (IN48) neste curso académico foi dun 27.59%. A valoración media foi de 4.26 superior ao do curso 2021-2022 (INF-13). Neste curso todos os ítems da enquisa teñen unha puntuación por enriba do 4.05/5 aumentando con respecto ao ano anterior. A programación e coordinación das materias, así como a atención do profesorado en resolución de dúbidas e titorías seguen a recibir as mellores valoracións. Os indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia (INF-14) impartida empeoraron en moitos dos apartados e no global, ata un 4.24, cunha participación maior ca do curso anterior (60%). A maior participación nos últimos cinco cursos.

**Prácticas externas**

En relación coas prácticas, para a súa realización é necesario ter asinado un convenio coa entidade, seguindo o modelo establecido pola USC. Antes de que finalice o primeiro semestre, habitualmente no mes de decembro, ofértanse as entidades coas que hai convenio vixente para que o alumnado exprese as súas preferencias. Varias entidades ofertan máis dunha praza anualmente. Unha vez asignada a entidade para realizar as prácticas seguindo a Normativa da USC e o procedemento establecido pola Comisión Académica do Máster, cada estudante conta cun titor/a académico e un titor/a profesional, para realizar o seguimento e avaliación das prácticas.

Todos os cursos amplíanse as entidades con convenios para a realización de prácticas. En xeral, mantéñense vixentes os convenios coas entidades, excepto que esa entidade non continúe a súa actividade. Así mesmo, os estudantes poderán propiciar a celebración de novos convenios de cooperación educativa cunha determinada entidade.

No curso 2022-2023, 12 estudantes matricularonse e cursaron a materia de Prácticas externas.

A entidade na que se realizan prácticas asígnase tendo en conta a preferencia dos estudantes e a dispoñibilidade das entidades para recibir máis dunha persoa.

O resultados das **enquisas de satisfacción dos/as estudantes co programa de prácticas externas** para o curso 2022-2023 foi do 4,63% sobre 5, melloraron notablemente, e poden considerarse unha das fortalezas da titulación. Os ítems maior valorados teñen que ver coas instalacións das empresas ou institucións, a atención recibida por parte do titor profesional e as actividades desenvolvidas durante as prácticas, acadaron un 5.

A **enquisa de satisfacción dos titores e titoras profesionais coas prácticas externas** foi do 4,25% sobre 5, unha valoración moi alta. Non existen datos sobre a satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas.

Debe consignarse o bo funcionamento do espazo reservado ás prácticas externas dentro da aula de coordinación do MSC: o alumnado é informado con rapidez das convocatorias e do proceso de tramitación das prácticas, así como das reunións de seguimento destas. Os e as alumnas teñen ademais un espazo habilitado para unha interlocución personalizada coa coordinadora de prácticas, sobre cuestións específicas relativas ás súas circunstancias particulares.

Debe igualmente consignarse o traballo realizado pola figura da coordinadora de prácticas

**Traballos fin de máster**

As competencias propostas na memoria son coherentes co deseño do plan de estudos, sendo traballadas e avaliadas en distintas materias. As materias Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster (TFM) permiten avaliar dun xeito integral a adquisición das competencias que deben acadar os egresados.

A **taxa de presentación de TFM**, que neste curso foi considerablemente alta con 24 TFM presentados, incluído o alumnado de cursos anteriores (18 de orientación profesional e 6 de orientación investigadora). Sendo a taxa de graduación do 70.83%, lixeiramente baixa.

Á hora de elaborar un traballo fin de máster, hai un traballo autónomo que lle corresponde ao estudantado, contando coa titorización e apoio do titor ou titora. Desde a coordinación do máster insistiuse na importancia de que defendan o TFM no mesmo curso académico de inicio do título. Adiantouse para o primeiro semestre a asignación de liña tematica así como a proposta de título e resumo e tamén do responsble da titorización.

En canto aos procedementos para a xestión e organización dos Traballos de Fin de Máster réxense polo Regulamento de TFM para o MSC.

Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, o resultado á pregunta: a xestión do TFM é axeitada? foi do 2.88 valor moi baixo, e "a oferta dos TFM é interesante" foi do 3.38.

Para a posibilidade de que o alumnado detecte dificultades que poidan pasar desapercibidas por seren de tipoloxía variada, o MSC puxo a disposición deste un **buzón de queixas e suxestións**, en que se recibiron un total de catro achegas, todas as cales foron atendidas e debatidas convenientemente na CA do título; esta circunstancia pode ser comprobada mediante a lectura das actas da comisión, en que se deixou constancia da existencia de cada unha das achegas e mais do debate sobre elas.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Persoal académico**

En termos xerais, os recursos humanos con que conta o centro para o bo desenvolvemento dos distintos títulos que nel se imparten cumpran cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes. Polo tanto, pode considerarse que, en xeral, o profesorado é suficiente para o correcto desenvolvemento dos títulos.

**A continuación preséntase unha serie de táboas cos indicadores relativos ao PDI**

Respecto á porcentaxe do PDI doutor sobre PDI total, os datos amosan en xeral un descenso en relación ao promedio dos últimos 5 anos.

*Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total (IN25C)*

| | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural | 76,60 | 72,92 | 72,73 | 70,83 | 72,09 | 66,67 |
| Grao en Lingua e Literatura Españolas [L] | 85,19 | 77,78 | 83,33 | 81,25 | 100,00 | - |
| Grao en Xestión Cultural | - | - | - | - | 75,00 | 76,67 |
| Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) | 85,71 | 87,50 | 82,14 | 83,33 | 82,76 | 82,14 |
| **Total** | **79,87** | **77,78** | **78,13** | **76,60** | **78,35** | **75,29** |

No curso académico 2022-2023, obsérvase que os valores relativos ao PDI funcionario sobre o PDI total, descenderon notablemente.

*Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total (IN26C)*

| | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural | 48,94 | 52,08 | 47,73 | 43,75 | 51,16 | 40,74 |
| Grao en Lingua e Literatura Españolas [L] | 70,37 | 62,96 | 70,83 | 68,75 | 100,00 | - |
| Grao en Xestión Cultural | - | - | - | - | 43,75 | 46,67 |
| Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) | 53,57 | 58,33 | 50,00 | 53,33 | 55,17 | 50,00 |
| **Total** | **53,69** | **55,10** | **54,17** | **51,06** | **55,67** | **45,07** |

No curso 2022-2023, a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C) foi dun 68 %, observándose un mantemento ao redor deste valor desde o curso 2017-18. Este indicador calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nas titulacións do Centro.

*Porcentaxe de PDI con sexenio sobre PDI total (IN24C)*

| | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural | 69,70 | 67,65 | 66,67 | 64,52 | 60,71 | 66,67 |
| Grao en Lingua e Literatura Españolas [L] | 73,91 | 72,73 | 73,68 | 76,92 | 100,00 | - |
| Grao en Xestión Cultural | - | - | - | - | 70,00 | 70,59 |
| Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) | 63,64 | 57,14 | 63,64 | 65,22 | 59,09 | 66,67 |
| **Total** | **69,37** | **66,23** | **67,61** | **67,16** | **66,67** | **68,00** |

As seguintes táboas resumen as características do profesorado en cada unha das titulacións que se imparten na Facultade.

| GRAO EN XESTIÓN CULTURAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **PDI-Categoría** | **Nº profesores/as** | **%** | **Nº de horas** | **%** |
| Predoutoral Ministerio | 1 | 3.57 | 40 | 0,94 |
| Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU | 4 | 14.29 | 644 | 15.15 |
| Catedrático/a de Universidade | 3 | 10.71 | 408 | 9.6 |
| Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante T-3 | 1 | 3.57 | 192 | 4.52 |
| Profesor/a: Axudante Doutor/a LOU | 4 | 14.29 | 576 | 13.55 |
| Profesor/a: Contratado/a Doutor/a | 3 | 10.71 | 408 | 9.6 |
| Profesor/a: Interino/a de substitución | 2 | 7.14 | 208 | 4.89 |
| Profesor/a: Titular de Universidade | 10 | 35.71 | 1776 | 41.77 |
| **TOTAL** | **28** | **100%** | **4252** | **100%** |

| MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **PDI-Categoría** | **Nº profesores/as** | **%** | **Nº de horas** | **%** |
| Investigador/a Juan de la Cierva 80 horas | 1 | 3.57 | 10.5 | 1.61 |
| Profesional área externa máximo 30 horas | 1 | 3.57 | 21 | 3.23 |
| Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU | 1 | 3.57 | 21 | 3.23 |
| Catedrático/a de Universidade | 2 | 7.14 | 42 | 6.45 |
| Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante T-3 | 1 | 3.57 | 21 | 3.23 |
| Profesor/a: Axudante Doutor/a LOU | 4 | 14.29 | 98 | 15.05 |
| Profesor/a: Emérito LOU | 1 | 3.57 | 7 | 1.08 |
| Profesor/a: Contratado/a Doutor/a | 4 | 14.29 | 105 | 16.13 |
| Profesor/a: Interino/a de substitución | 1 | 3.57 | 21 | 3.23 |
| Profesor/a: Titular de Universidade | 12 | 42.68 | 304.5 | 46.77 |
| **TOTAL** | **28** | **100%** | **651** | **100%** |

## Formación do profesorado e mobilidade

O profesorado obxecto desta memoria participa de forma activa nos cursos do Programa de formación e innovación docente (PFID) organizados pola USC na busca dunha mellora da calidade docente.

Tal e como se resume no documento 5053_I6-I7_2022-2023.pdf, no curso 2022-23, a porcentaxe de PDI con docencia nas titulacións que se imparten na Facultade que realizou algún curso do programa de formación (Programa de Formación e Innovación Docente, PFID) foi a seguinte:

- Grao en Xestión Cultural (modalidade presencial): 28.57 %
- Grao en Xestión Cultural (modalidade semipresencial): 25.00 %
- Máster Universitario en Servizos Culturais: 0%

Isto supón un índice razoable de participación no Grao en Xestión Cultural, sendo moi superior aos datos correspondentes ao curso anterior. Ademais, no documento 5053_INF.10_2022_2023.pdf recóllese o informe de satisfacción en relación cos cursos do PFID, rexístrase unha taxa de participación do 39.81% e unha valoración media da satisfacción xeral de 4.59 sobre 5 puntos. (Non se dispón deste dato desagregado por titulacións. Trátase dun índice resumo da satisfacción en toda a USC).

A mobilidade e unha das vías que ten o profesorado universitario para manterse actualizado, principalmente no plano investigador. Na actualidade, a porcentaxe de PDI que realiza este tipo de accións é moi baixa, o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades

lectivas, o que dificulta a súa realización.

A porcentaxe de persoal docente que participaron en programas de mobilidade no curso 2022-2023 foi do 2%, por encima dos últimos dous cursos

| | | 2017-2018 | | 2018-2019 | | 2019-2020 | | 2020-2021 | | 2021-2022 | | 2022-2023 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Código RUCT | Plan | Porcentaxe | PDI total | Porcentaxe | PDI total | Porcentaxe | PDI total | Porcentaxe | PDI total | Porcentaxe | PDI total | Porcentaxe | PDI total |
| 2501305 | Grao en Lingua e Literatura Españolas [L] | 3,57% | 28 | 3,70% | 27 | 4,76% | 21 | - | 15 | - | 8 | - | - |
| 2502440 | Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural | 2,00% | 50 | 3,70% | 54 | 8,16% | 49 | 1,92% | 52 | - | 45 | 3.23% | 31 |
| 4315430 | Máster Universitario en Servizos Culturais (3a ed) | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 32 | 3.57% | 28 |
| 2504332 | Grao en Xestión Cultural | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 15 | 3.57% | 28 |

## Actividade investigadora e académica

A experiencia investigadora e docente ven reflectida no número de sexenios (recoñecemento de mérito investigador) e quinquenios (recoñecemento de mérito docente) acadados polo PDI permanente que imparte clases nas titulacións do centro. A continuación presentamos as táboas cos indicadores da actividade docente e investigadora dos títulos adscritos á Facultade de Humanidades.

| GRAO EN XESTIÓN CULTURAL (RUCT: 2504332) | | | |
|---|---|---|---|
| **Área** | **Nº profesores/as** | **Experiencia docente** | **Experiencia investigadora** |
| [775] Socioloxía | 1 | 2 | 0 |
| [105] Comunicación Audiovisual e Publicidade | 1 | 0 | 0 |
| [125] Dereito Administrativo | 2 | 0 | 0 |
| [225] Economía Aplicada | 1 | 0 | 0 |
| [335] Filoloxía Francesa | 1 | 4 | 4 |
| [370] Filoloxías Galega e Portuguesa | 3 | 12 | 5 |
| [345] Filoloxía Inglesa | 3 | 17 | 4 |
| [030] Antropoloxía Social | 1 | 0 | 0 |
| [375] Filosofía | 2 | 1 | 1 |
| [085] Ciencias e Técnicas Historiográficas | 1 | 4 | 0 |
| [445] Historia Antiga | 2 | 4 | 4 |
| [485] Historia Medieval | 1 | 6 | 3 |
| [490] Historia Moderna | 1 | 6 | 0 |
| [465] Historia da Arte | 1 | 0 | 0 |
| [567] Lingua Española | 2 | 12 | 8 |
| [575] Lingüística Xeral | 2 | 6 | 2 |
| [583] Literatura Española | 1 | 6 | 4 |
| [650] Organización de Empresas | 1 | 5 | 2 |
| [435] Xeografía Humana | 1 | 6 | 2 |
| **TOTAL** | **26** | **91** | **39** |

| MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAIS (RUCT: 4315430) | | | |
|---|---|---|---|
| **Área** | **Nº profesores/as** | **Experiencia docente** | **Experiencia investigadora** |
| [775] Socioloxía | 1 | 2 | 0 |
| [P5023] Área externa M.U en Servizos Culturais (3ª ed) | 1 | 0 | 0 |
| [500] Enxeñaría Agroforestal | 1 | 5 | 2 |
| [505] Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría | 1 | 0 | 0 |
| [105] Comunicación Audiovisual e Publicidade | 1 | 0 | 0 |
| [335] Filoloxía Francesa | 1 | 4 | 4 |
| [370] Filoloxías Galega e Portuguesa | 3 | 12 | 5 |
| [345] Filoloxía Inglesa | 2 | 11 | 4 |
| [030] Antropoloxía Social | 3 | 2 | 1 |
| [375] Filosofía | 1 | 1 | 1 |
| [383] Filosofía Moral | 1 | 6 | 2 |
| [415] Fundamentos de Análise Económica | 1 | 4 | 3 |
| [085] Ciencias e Técnicas Historiográficas | 1 | 4 | 0 |
| [445] Historia Antiga | 1 | 4 | 4 |
| [450] Historia Contemporánea | 2 | 10 | 3 |
| [485] Historia Medieval | 1 | 6 | 3 |
| [490] Historia Moderna | 1 | 6 | 0 |
| [465] Historia da Arte | 1 | 0 | 0 |
| [567] Lingua Española | 1 | 6 | 5 |
| [575] Lingüística Xeral | 1 | 6 | 4 |
| [583] Literatura Española | 1 | 6 | 4 |
| [796] Teoría da Literatura e Literatura Comparada | 1 | 0 | 0 |
| [095] Comercialización e Investigación de Mercados | 1 | 0 | 0 |
| [435] Xeografía Humana | 1 | 6 | 2 |
| **TOTAL** | **30** | **101** | **47** |

## Persoal de apoio (PAS)

A Facultade de Humanidades conta con seis persoas que prestan apoio para un correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras realizadas no centro. A Unidade de Xestión de Centro e Departamentos subdivídese na área de conserxería e na área administrativa. A área de conserxería está dotada con tres postos de traballo: un responsable do Punto de Atención, Información e Servizos, e dous Axudantes Técnicos de Servizos. A área administrativa conta con tres postos de traballo: unha responsable da Unidade, unha responsable de Asuntos Económicos e unha persoa na secretaría de decanato.

Debemos destacar o feito de que o Axudante Técnico de Servizos asumiu funcións de coordinación Técnica dos títulos semipresenciais do centro, o que conlevou, entre outras tarefas, a de administrar e manter a aula de coordinación de cada título no campus virtual, procurar ao profesorado implicado na docencia semipresencial a formación mínima necesaria para desenvolver a súa función con garantías de calidade, xestionar os vídeos formativos das distintas materias, creándoos ou apoiando as funcións do estudo e-Terra, subindo os vídeos resultantes á plataforma corporativa ou realizando propostas de mellora técnica para a súa implantación en cursos posteriores. Mentres non se incorporen as funcións de coordinación técnica a algunha das figuras de PAS xa existentes ou de nova creación, o Auxiliar Técnico de Servizos da Facultade de Humanidades seguirá colaborando nestes labores de coordinación técnica indispensables na impartición da modalidade virtual do título de Grao en Xestión Cultural.

A satisfacción do PAS do centro co traballo desenvolvido (IN49C) é moi alta, acadando no 2022-23 un valor de 4,27/5.

| | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| IN49C-Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido | **3,83** | **3,63** | **2,00** | **4,50** | **4,00** | **4,27** |
| I7. Porcentaxe de participación do PAS do centro nos plans de formación | 100% | 100% | 33,33% | 66,67% | 83,33% | 66,67% |

A asistencia do PAS a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. A porcentaxe de PAS do centro que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade situouse no 66,67% no 2022/23.

O Informe de satisfacción do PAS da Facultade de Humanidades (INF. 21) mostra un grao de satisfacción medio razonable coa media da USC. No informe do curso 2022/23 obsérvase o número de ítems que teñen unha valoración mínima de 4.

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento…) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado…) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**A continuación realízase unha análise dos recursos materiais e servizos cos que conta o centro**

1. Aulas de propósito xeral.
2. Aulas-seminario e laboratorios con dotación específica.
3. Espazos para traballo dos/as estudantes.
4. Outros espazos.
5. Biblioteca.
6. Recursos en rede para a docencia

A Facultade de Humanidades conta con 6 aulas de propósito xeral no propio edificio. Todas as aulas están equipadas con computador con conexión a internet, canón videoproyector e multiplexores de sinal para usar estes canóns cos portátiles, tablets ou smartphones dos usuarios. Dous delas dispoñen de taboleiro dixital. A capacidade destas aulas varía dos 32 postos, a máis pequena, a 88, a máis grande. A iluminación principal das aulas é artificial. Todas as aulas contan con climatización por aire, programable, con renovación segundo a normativa aplicable. Existe cobertura Wifi en todas elas.

Unha das aulas (aula 14) utilízase como aula multimedia, xa que dispón, ademais do mencionado anteriormente, unha TV de 49" e un dispositivo de autograbación (Galicaster Totem Kit), que permite a gravación sincronizada da imaxe e voz do docente e a pantalla do computador que estea a usar. Os vídeos resultantes úsanse como material académico.

Ademais das aulas do propio edificio, pode acordarse o uso compartido das aulas situadas no Aulario do Complexo Docente, actualmente usadas pola Escola Universitaria de Enfermería e a Escola Universitaria de Relacións Laborais.

Actualmente, o edificio conta con 5 seminarios para o seu uso en docencia, 4 dos cales posúen ordenador e canón videoproyector. Sitúanse na primeira e segunda planta do edificio principal da Facultade de Humanidades. Son espazos de capacidade reducida (aprox. 20 postos) para traballo en grupo en materias con contido fundamentalmente interactivo. Todos os seminarios contan con amplas cristaleiras que permiten gozar dunha iluminación completamente natural. Existe cobertura de Wifi en todos os seminarios.

Está previsto reformar dous deses seminarios, o 114 e o 214, para convertelos en espazos polivalentes, cuxa función principal será a de impartir a docencia non presencial. Con este obxetivo incorporase novo mobiliario, novo canón videoproxector e pantallas de TV que permitan unha óptima visualización do alumnado conectado ás clases coa cámara encendida.

O Complexo Docente conta cunha sala de lecturas duns 88 m2 de superficie. Na sala hai o mobiliario básico (10 mesas amplas, 4 cadeiras por mesa e enchufes para os portátiles) para o seu uso como lugar de estudo. Ademais conta con cobertura Wifi e climatización independente. Dispón dunha ampla cristaleira, polo que pode combinar a iluminación natural coa artificial.

A Facultad de Humanidades dispón dos seguientes espazos adicionais:

- Sala de Xuntas: espazo rectangular con luz natural duns 30m2 situado na planta baixa da Facultade. Dispón dunha mesa ovalada para reunións de ata 12 persoas, ademais de contar cunha fotocopiadora Xerox 5335, conectada en rede aos despachos dos docentes.

- Local de alumnos e Sala de Investigadores: situados na primeira e segunda planta da Facultade, estes espazos son de tipo seminario con luz natural, con mesas para traballo en grupo e computador.

- Salón de Actos: con capacidade para 188 persoas. Conta con canón videoproyector, computador con conexión a internet e mesa de mesturas para a megafonía da sala. Dispón de 3 micrófonos de mesa e 2 micrófonos inalámbricos. Tres monitores abatibles permiten aos participantes na mesa visualizar os contidos do relator de forma simultánea. Os asentos son fixos, tapizados e con pa retráctil. Posúe climatización e aire acondicionado. A iluminación é artificial. Dispón de 4 portas, 2 dianteiras e 2 traseiras para adecuarse á normativa de seguridade en caso de evacuación e ramplas para o acceso de persoas con diversidade funcional.

- Salón de Graos: con capacidade para 55 persoas. Espazo para pequenas conferencias que non necesitan dun sistema de megafonía, reunións da xunta de facultade ou exposición de traballos de fin de grao/#máster. Tres monitores abatibles permiten aos participantes na mesa visualizar os contidos do relator de forma simultánea. Conta con TV e sistema de videoconferencia H.323 para reunións departamentais ou doutro tipo, entre campus. Os asentos son tapizados con pa.

- Estudo eTerra: completo estudo de gravación situado no aulario do Complexo Docente. Neste espazo realízanse unha parte das gravacións que se empregan nas materias das titulacións semipresenciais da

facultade. Entre o equipamento do que dispón podemos destacar unha cámara Full HD con trípode Manfrotto, equipo e software de produción e realización, escenarios virtuais, conxunto de focos de iluminación LED, TV para previsualización, croma, micrófonos omnidireccionales, paneis antieco, cortinaje illante etc. Un técnico de audiovisuais realiza as gravacións e a montaxe dos vídeos resultantes. Climatización independente.

• Aula de informática: Ademais de canón videoproyector, dispón de 23 postos equipados con computador, auriculares e pantalla TFT, conectados a internet mediante rede cableada de 1gbps. Climatización por aire.

• Cafetería: a comunidade da Facultade conta cunha ampla cafetería, con capacidade aproximada para unhas 200 persoas sentadas, situada no Aulario do Complexo Docente, xestionada por unha empresa externa á USC. Ademais do servizo de cafetería dispón tamén de servizo de comedor. A cobertura Wifi está asegurada en todo o recinto.

O Persoal docente e investigador e o alumnado do Grao en Xestión Cultural e do Máster Universitario en Servizos Culturais contan coa Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables nas ramas de coñecemento de humanidades, ciencias sociais, ciencias puras e aplicadas. Acorde coa nova orientación dos títulos impartidos na Facultade de Humanidades, dende o curso 2021/2022 existe unha sección dentro da Sala de Humanidades que, baixo a denominación de Xestión Cultural (Signatura CUP) reúne todos os títulos deste ámbito para apoiar a docencia e a investigación en dito ámbito.

En base ao proceso PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos do Manual de Procesos do SGC o centro realiza un seguimento anual das necesidades de mantemento de infraestructuras e instalacións para a docencia e investigación**.**

En canto á accesibilidade universal e medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe a Facultade conta cos servizos adaptados para a inclusión de persoas con discapacidades físicas, tanto para o acceso ás aulas (rampa de acceso, ascensores etc..) como para o seguimento das ensinanzas (postos adaptados en función das necesidades). A Facultade está preparada para acoller alumnado e persoal con mobilidade reducida.

Regularmente o Servizo de Prevención de Riscos fai unha avaliacións dos riscos potenciais aos que están expostos os membros da Facultade nos seus postos de traballo co obxectivo de planificar medidas de prevención e protección. O centro está en contacto continuo coa Oficina de Prevención de Riscos para solucionar, coa axuda da Oficina de Xestión de Infraestruturas, calquera deficiencia que poida detectarse. No curso 2022-2023 non houbo ningunha incidencia. As normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente están ao dispor de todos os grupos de interese na páxina web institucional da USC.

A USC ten unha serie de servizos de orientación e xestión académica postos a disposición do alumnado. A oficina de información universitaria é o servizo da USC que proporciona ao alumnado información acerca de todos os trámites e requisitos para o acceso, admisión e matrícula. Ademais proporciona a información necesaria para a formalización da preinscrición e matrícula nos Másteres oficiais, así como sobre as axudas e bolsas que convocan as diferentes administracións públicas para a realización de estudos de posgrado. Toda esta información pode atoparse na páxina web da USC e tamén nos carteis, dípticos, etc. que edita e difunde a USC. No curso 2022-2023, o alumnado recorreu ao decanato como fonte de información.

**Directriz 6. Información pública**

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A xestión da información pública da Facultade de Humanidades faise dacordo ao establecido no proceso PS-06 Información pública do SGC. A Facultade segue o fluxo do proceso para facer pública a información relevante das titulacións impartidas na Facultade, para a realización das revisións periódicas e para a actualización correspondente, con fin de manter informados aos grupos de interese da Facultade de Humanidades.

A maioría da información pública relativa aos procesos e procedementos atópase disponible na web institucional do centro, publícase información actualizada e axeitada sobre o desenvolvemento dos títulos e o seu plan de estudos (programas, horarios, calendarios de exames, prácticas, mobilidade, etc.), sendo accesible a todos os grupos de interese, internos e externos.

-Páxina web do centro: Facultade de Humanidades

A información relativa aos documentos (política de calidade, plan estratéxico, manuais) e seguimento (memorias de calidade, informes das titulacións) do SGC, podense atopar seleccionando a opción de Calidade da páxina web.

Ao longo destes anos fixeronse diversos cambios que melloran este aspecto que estamos a avaliar:

- Desde que funcionan as aulas virtuais de coordinación, empréganse para enviar mensaxes a todo o alumnado con información diversa sobre as actividades desenvolvidas no centro.
- Hai unha pantalla para transmitir a información pública no centro
- Organízanse a sesión de acollida en primeiro onde, entre outras moitas cousas, se lle informa ao alumnado das fontes de información dispoñibles;
- Realízanse sesións de presentación da materia Traballo Fin de Máster.
- O centro conta con perfiles nas redes sociais Instagram, Youtube, Twitter, Facebook e Linkedin. A través destas redes faise difusión de todo o que acontece no centro e de cuestións de relevancia para a comunidade universitaria. Adxuntamos os enlaces:

